

### 3. Actos de deslealdade ao mercado

Relacionanxe coa:

- a) **Violación de normas**, cando esta xera vantaxe competitiva significativa.
- b) **Explotación da situación de dependencia económica**, que xorde nas relacións comerciais entre as pequenas e as grandes empresas. Para que se poida apreciar esíxese que:
  - 1º) exista unha situación de dependencia ou subordinación dos clientes ou dos subministradores e
  - 2º) a empresa que explote abusivamente esa situación de dependencia.
- c) **Venda a perda**, que ocorre cando se vende a prezos por debaixo do custo ou do prezo de adquisición, e sempre que:
  - 1º) sexa capaz de inducir a erro aos consumidores acerca do nivel de prezos doutros produtos ou servizos do mesmo establecemento,
  - 2º) teña por efecto desacreditar a imaxe dun produto alleo,
  - 3º) forme parte dunha estratexia para eliminar a competidores.

Non supoñen venda a perda as promocións de novos produtos, as liquidacións, saldos ou rebaixas

A Lexislación de competencia desleal recolle ademais destas condutas tipificadas unha **cláusula xeral prohibitiva**, conforme a cal é desleal toda conduta que resulte obxectivamente contraria ás esixencias da boa fe.

Para máis información, dirixirse a:


Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC)  
Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC)  
[www.tgdcompetencia.org](http://www.tgdcompetencia.org)



**TGDC** Tribunal Galego de Defensa  
da Competencia

Serie de Divulgación do TGDC

## As prácticas desleais e a defensa da competencia



XUNTA DE GALICIA

**Os operadores económicos poden tratar de obter vantaxes competitivas nos mercados fronte aos seus competidores, pero deben facelo dunha maneira leal**

### **Quen pode sancionar os actos de competencia desleal?**

En principio, dos actos de competencia desleal ocúpanse os Xulgados do Mercantil, pero a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC), mantén a competencia dos órganos administrativos de defensa da competencia, -o TGDC, no caso galego-, cando, como se recolle no artigo 3 LDC, tales actos “*por falsear a libre competencia afecten ao interese público*”.

Logo, diante dun acto potencialmente desleal, os órganos de defensa da competencia teñen que analizar: 1º.- se é realmente desleal e 2º.- se existe afectación do interese público.



### **Cando un acto pode ser considerado desleal?**

Son actos de competencia desleal os que como tales tipifica a vixente Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal (LCD).

As condutas desleais están tipificadas na Lei. Ademais, para completar o sistema, a LCD inclúe una cláusula xeral prohibitiva, conforme a cal “*se reputa desleal todo comportamento que resulte obxectivamente contrario ás esixencias da boa fe*”.

Os actos específicos tipificados pola LCD coma desleais, pódense clasificar en tres tipos: contra os competidores, contra os consumidores ou contra o propio mercado.

#### **1. Actos de deslealdade aos competidores**

Poden ser:

- a) **Actos de denigración.** Consisten na realización ou difusión de manifestacións sobre un competidor que sexan aptas para menoscabar o seu crédito ou boa reputación. Non obstante, non son desleais cando sexan “*exactas, verdadeiras e pertinentes*”.

b) **Actos de imitación.** Son: 1º) os que atentan contra dereitos de exclusiva outorgados por unha Lei (patentes, marcas...); 2º) os que xeran risco de confusión nos consumidores; 3º) os que supoñen o aproveitamento indebido da reputación ou esforzo alleo e 4º) os realizados de maneira sistemática ou “*parasitaria*” para impedir a consolidación dun competidor ou excedan do que poida resultar unha resposta natural do mercado.

c) **Actos de explotación da reputación allea.** Son os que implican o aproveitamento indebido das vantaxes dunha reputación industrial, comercial ou profesional adquirida por outro operador no mercado.

d) **Actos de violación de secretos.** Son os que comportan a obtención ou divulgación de segredos industriais ou comerciais doutro operador, ben mediante o espionaxe industrial ou divulgando os segredos aos que se tivo acceso lexitimamente pero coa obriga de gardar reserva dos mesmos.

e) **Actos de indución á ruptura contractual,** como a indución a traballadores, provedores ou clientes para que: incumpran un contrato cun competidor; terminen un contrato ou se aproveiten en beneficio propio ou dun terceiro dunha infracción contractual allea.

#### **2. Actos de deslealdade aos consumidores**

Poden ser:

- a) **Actos idóneos** para xerar **confusión** coa actividade, as prestacións ou o establecemento alleos.
- b) **Actos de engano** que inducen a erro aos consumidores mediante “*a utilización de indicacións incorrectas ou falsas, a omisión das verdadeiras ou en calquera outro tipo de práctica*”.
- c) **Entrega de obsequios e regalos**, cando poida forzar aos consumidores a contratar a prestación principal ou lles leve a erro sobre os prezos doutros produtos no mesmo establecemento, ou lles dificulte gravemente a apreciación do valor real da oferta.
- d) **Actos de comparación**, sempre que a información non sexa veraz (o que se afirma debe ser demostrable) ou careza de obxectividade.
- e) **Actos de discriminación** entre os consumidores nos prezos ou noutras condicións de venda sen que medie causa xustificada.